

Área de Igualdade da Deputación Provincial **“8M, Mes a Mes”**

“Emprendemento Inclusivo no Rural”

Ao igual que no pasado mes de Maio, na área de Igualdade, o día 8 faremos un recoñecemento especial en honra ás mulleres con profesións de gran relevancia ao longo da historia ou que romperon barreiras. Deste xeito, búscase promover durante todo o ano a importancia das mulleres e o seu traballo. Faremos referencia a ditas profesións con figuras da provincia.

Neste 8 de Xuño faremos referencia ao emprendemento das mulleres con discapacidade que desenvolven un traballo innovador en zonas rurais.

A figura seleccionada para a súa representación foi Lorena Quintas Rejo, emprendedora no rural, baixo o lema: “Emprendemento Inclusivo no Rural”. Lorena estudou empresariais e decidiu optar por crear a súa propia empresa, “Xogo de Fíos” que se basa, tal e como ela menciona na “artesanía a través do tacto”. Sitúase en Outeiro de Laxe, unha aldea do rural ourensán.

Ela mesma engadiu: “Son unha muller loitadora, empoderada e optimista que convive coa discapacidade dende moi cativa. Para min non é unha barreira, senón que é un valor engadido. Son plenamente consciente de que sacar adiante un proxecto no rural é complexo, especialmente tratándose dun sector alleo ao primario. Pero o esforzo merece a pena e resulta gratificante. Fiada tras fiada voulle dando vida a cada obra ata convertela nunha peza artesanal realmente única.”

Enlace á páxina de “Xogo de Fíos”: <https://www.xogodefios.com/>



Imaxe: Lorena Quintas, creadora de “Xogo de Fíos”

#igualOO